A mobilidade sustentable supón entender o transporte como un dereito universal, adaptado ás necesidades das persoas e poñendo o foco na mobilidade activa e no transporte público como principais alternativas para a cidadanía. Precisamos políticas que busquen promover o benestar impulsando unha mobilidade máis accesible, eficiente, eficaz e inclusiva, e que contribúan a reducir as emisións, mellorar a calidade do aire, gañar espazo para os peóns e ciclistas e diminuír a accidentalidade. Debemos traballar por unha mobilidade sustentable que busque reducir a necesidade e presenza do vehículo privado, garantindo o acceso a outros modos de transporte máis sans, eficientes, seguros e colectivos, como o transporte público para lograr unha maior cohesión social e territorial, un desenvolvemento económico resiliente, unha mellor calidade do noso aire e un mellor aproveitamento do espazo público. Máis a cohesión territorial non se consegue con practicas discriminatorias como estas, permitidas pola Xunta de Galiza, que debera aumentar o servizo público de transporte dado que existe demanda dos usuarios, e habilitar máis frecuencias para fomentar o seu uso, dando a oportuna publicidade para incrementar o coñecemento pola veciñanza da comarca.

A Xunta de Galiza, como administración concedente do dereito, non pode consentir esta práctica sistemática da concesionaria, en tanto que supón un flagrante incumprimento das obrigas da empresa como prestadora dun servizo público. Polo tanto, a Xunta está obrigada a esixir a inmediata corrección deste sistema inxusto e inxustificado, a organización do servizo desa liña dun xeito claro e baixo criterios obxectivos e, no seu caso, adoptar medidas disciplinarias e as sancións que correspondan á empresa concesionaria.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Tendo coñecemento a Xunta de Galiza das queixas de persoas usuarias deste problema, que medidas adoptou a Consellería?

- Recibiuse na Dirección Xeral de Mobilidade comunicación por parte de algún outro usuario ou administración en relación á situación que se estaba a sufrir polas persoas usuarias desta liña? Contestouse á mesma? En que termos?

- Estableceu a Xunta de Galiza algún protocolo de prioridade de acceso aos buses que dan cobertura a esta liña ou outras, nomeadamente os “directos”?

- Considera o Goberno galego que o sistema de acceso aos buses nesta liña garante a igualdade dos usuarios?

- Considera o Goberno galego que o sistema empregado nesta liña é óptimo para cohesionar o territorio, en concreto A Costa da Morte e Bergantiños?

- Considera necesario a Xunta de Galiza reforzar esta liña? Que decisións tomou a Dirección Xeral de mobilidade para mellorar o transporte público entre Carballo e A Coruña?

- Vai o goberno galego a aumentar a frecuencia de liñas entre Carballo e Fisterra para evitar o problema descrito e a xustificación da empresa para actuar deste modo discriminatorio?

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 29/12/2025 10:47:56

Paulo Ríos Santomé na data 29/12/2025 10:48:12

Iria Taibo Corsanego na data 29/12/2025 10:48:23

Mercedes Queixas Zas na data 29/12/2025 10:48:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 10:51:01
Nº Rexistro: 42988
Data envío: 29/12/2025 10:51:01.312



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/12/2025 10:51:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 10:51:01
Nº Rexistro: 42988
Data envío: 29/12/2025 10:51:01.312

CSV: BOPGDSPG-cJAOohADB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o uso indebido de teléfonos privados do persoal orientador para promocionar un evento da Consellería de Educación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 2 de decembro foi enviado aos medios un comunicado da Asociación Galega de Orientadoras de Ensino Público (AGOEP) sobre o uso indebido de números de contacto privados de profesionais de Orientación de centros educativos galegos por parte da Consellería de Educación para promocionar o evento organizado pola administración autonómica “A FP ábreche as portas” que sería celebrado ao día seguinte no Pazo de Congresos en Santiago de Compostela.

Como soe ser habitual, o evento foi comunicado ás orientadoras/es dos centros educativos de secundaria a través do correo electrónico corporativo de cada unha das profesionais, convidándoas a participar no acto. Foi o día 1 e 2 de decembro, xusto antes da súa celebración que as profesionais comezaron a recibir chamadas nos seus números privados de teléfono insistindo na importancia da súa asistencia.

Estes contactos directos a números persoais non deberan estar vinculados con funcións profesionais do persoal orientador, nin formar parte das canles oficiais de comunicación entre a administración e o seu persoal, xa que poden supoñer unha

Asinado o día 29/12/2025 ás
10:47
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Asinado o día 29/12/2025 ás
10:47
Por Cristina Fernández Davila





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

vulneración da normativa de protección de datos e un uso impropio de información persoal.

Así o explica a Asociación, en referencia ao artigo 6 do Regulamento Xeral de Protección de Datos (RXPd), xa que “o número de teléfono privado do funcionariado non pode ser empregado para fins alleos ao estrito exercicio das súas funcións públicas. Trátase dun dato persoal que require garantías, respecto de unha finalidade claramente xustificada”.

Este Regulamento e a normativa estatal en materia de protección de datos existen unha base xurídica válida, así como criterios de necesidade e proporcionalidade para tratar información persoal dos traballadores/as ao servizo da Administración.

Neste caso a Consellería de Educación debера ser a administración que garante o cumprimento da lexislación actual sobre a protección de datos e privacidade e non poñer en risco a seguridade das persoas traballadoras con prácticas pouco transparentes ou innecesarias, como é publicitar un evento organizado pola propia Consellería e que xa realizaran a convocatoria.

Por todo isto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

Vai a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP abrir unha investigación inmediata sobre o uso indebido de números de contacto persoais con fins non laborais do persoal orientador?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten previsto a Consellería elaborar un informe sobre esta práctica e os protocolos necesarios para o uso de datos persoais que garantan a protección de datos do persoal da Consellería?

Enviarán unha comunicación oficial ao persoal afectado sobre os feitos e as medidas correctoras implementadas?

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 29/12/2025 10:47:05

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/12/2025 10:47:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 10:51:15
Nº Rexistro: 42989
Data envío: 29/12/2025 10:51:15.917

CSV: BOPGDSPG-cJAOohADB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/12/2025 10:51:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 10:51:15
Nº Rexistro: 42989
Data envío: 29/12/2025 10:51:15.917

CSV: BOPGDSPG-cJAOohADB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Ramón Fernández Alfonso, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**.

Exposición de motivos

Recentemente coñecía-se a Memoria anual 2024 respecto dos tribunais económico administrativos que publica o Ministerio de Facenda. Segundo os datos en Galiza terían entrado 14.959 casos e foron resoltos 17.810 sendo estimados 9.397. Aínda que a cifra de entrada é menor á dos tres anos anteriores, cabe sinalar que en comparación co resto do Estado o noso país é a segunda comunidade na que máis pleitos tributarios.

Desde o punto de vista cuantitativo, recóllese no informe que o maior número de reclamacións presentadas correspóndelle aos Tribunais Económico-Administrativos de Andalucía, Cataluña, Galiza, Madrid e Valencia.

Entre os conceptos reclamados, como é de agardar, o que máis queixas ten é o do IRPF, mais tamén salientan os impostos de transmisións e actos xurídicos documentados e mais o de sucesións e doazóns así como os propios actos do procedemento recadador.

A ATRIGA debe avaliar estes datos, en comparación tamén coas súas propias reclamacións, para así valorar que propostas de mellora impulsar

Asinado o día 29/12/2025 ás
10:45
Por Ramón Fernández Alfonso

Asinado o día 29/12/2025 ás
10:45
Por Noa Presas Bergantiños





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

Como valora o goberno galego o alto grao de litixiosidade que rexistra Galiza por parte das e dos contribuíntes nas súas obrigas fiscais?

Que valoración lle merece a evolución da información recollida na Memoria anual 2024 respecto dos tribunais económico administrativos que publica o Ministerio de Facenda?

A que atribúe a redución de 2021 en diante?

Considera que, aínda así, o feito de liderar Galiza as estatísticas merece unha reflexión?

Como valora os datos respecto dos impostos cedidos?

Que propostas de mellora da relación co contribuínte están a barallar?

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 29/12/2025 10:45:32

Ramón Fernández Alfonzo na data 29/12/2025 10:45:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 10:52:13
Nº Rexistro: 42992
Data envío: 29/12/2025 10:52:13.621

CSV: BOPGDSPG-cJAOohADB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 10:52:13
Nº Rexistro: 42992
Data envío: 29/12/2025 10:52:13.621

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/12/2025 10:52:14

CSV: BOPGDSPG-cJAOohADB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 10:59:42
Nº Rexistro: 42995
Data envío: 29/12/2025 10:59:42.434

Asinado o día 29/12/2025
10:57
Por Ethel Vázquez M

Á Mesa do Parlamento

María Encarnación Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Ethel María Vázquez Mourelle, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

As vacinas supoñen unha das ferramentas esenciais no control das enfermidades e epidemias que se levan dando ao longo da nosa historia. A aposta pola vacinación da poboación supón unha política de prevención de enorme relevancia debido ao seu impacto, sinalando a propia Organización Mundial da Saúde (OMS) que a inmunización é un dos mellores investimentos en saúde que as administracións públicas poden realizar.

O programa galego de vacinación constitúe unha das liñas de traballo con máis peso entre as actividades impulsadas para o fomento da saúde pública na nosa comunidade e representa, ademais, unha referencia a nivel internacional. Desde 2022 Galicia conta con un calendario vacinal para a toda a vida, que situou a nosa comunidade á vangarda da prevención de enfermidades co calendario de inmunización máis completo do mundo. Desde entón, ese calendario non deixou de reforzarse.

Entre os fitos destacados da aposta de Galicia pola vacinación está a súa participación no ensaio clínico GALFLU, un proxecto pioneiro deseñado para avaliar a eficacia da vacina antigripal de alta carga en persoas de entre 65 e 79 anos. Este tipo de vacina, xa empregada para os maiores de 80 anos, demostrou reducir as hospitalizacións en comparación coa vacina estándar.

Nun contexto de envellecemento poboacional como o que vive Galicia, a prevención de enfermidades cobra un valor aínda maior. A medida que aumentan as enfermidades crónicas e a fragilidade en idades avanzadas, a vacinación convértese nunha ferramenta esencial para evitar complicacións graves e reducir a presión sobre os sistemas sanitarios.

Igualmente, consideramos atinada a aposta que vén realizando Galicia por reforzar a protección vacinal da infancia, sempre con base na evidencia científica.

Asinado o día 29/12/2025 ás
10:56
Por Noelia Pérez López

Asinado o día 29/12/2025 ás 10:56
Por María Encarnación Amigo
Díaz

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Que novas medidas prevé implantar a Xunta para reforzar a protección da saúde da poboación a través da vacinación?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 29/12/2025 10:56:38

Noelia Pérez López na data 29/12/2025 10:56:53

Ethel Vázquez Mourelle na data 29/12/2025 10:57:03

Raquel Arias Rodríguez na data 29/12/2025 10:57:19

Víctor Baladrón Lamas na data 29/12/2025 10:57:30

Nicole Grueira Fernández na data 29/12/2025 10:57:56

Dolores Hermelo Piñeiro na data 29/12/2025 10:58:06

Argimiro Marnotes Fernández na data 29/12/2025 10:58:27

Maria Magdalena Perez Millares na data 29/12/2025 10:58:33



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/12/2025 10:59:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 10:59:42
Nº Rexistro: 42995
Data envío: 29/12/2025 10:59:42.434

CSV: BOPGDSPG-cJAOohADB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

María Encarnación Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Ethel María Vázquez Mourelle, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

O virus respiratorio sincitial (VRS) constitúe a principal causa infecciosa de ingreso en nenos e nenas no seu primeiro ano de vida. É a causa principal e case única da bronquiolite e tamén ocasiona pneumonías. O pasado inverno, a incorporación do anticorpo monoclonal Nirsevimab ao calendario de inmunizacións de Galicia situou a nosa comunidade como referente e pioneira, sendo os nenos e nenas galegos os primeiros do mundo en vacinarse contra este patóxeno e evitando a enfermidade grave de 400 lactantes. Fíxose así fronte ao impacto dos ingresos por procesos infecciosos derivados do VRS en lactantes, sendo a bronquiolite aguda a causa máis frecuente de ingreso hospitalario para os máis pequenos, que se producía ano tras ano. Os datos prepandemia reflexan que o virus respiratorio sincitial provocaba na nosa Comunidade entre 800 e 1000 hospitalizacións anuais, producíndose o 75% das mesmas en lactantes menores dun ano. Os resultados da anterior campaña, que se desenvolveu entre o 25 de setembro e o 31 de marzo, evidencian que foi un éxito sanitario, logrando unha efectividade do 87%, unha redución do 90% nos ingresos hospitalarios, e deixando constancia da importancia da prevención e anticipación, así como da relevancia da concienciación e colaboración dos pais e nais na protección da saúde dos máis pequenos. A sanidade galega prepárase agora para afrontar un novo outono cunha nova campaña. Ademais das infeccións derivadas do virus sincitial, existen outros virus que poden ocasionar infeccións respiratorias complicadas, tanto en maiores como en nenos, como é o caso da gripe.

De feito, os profesionais médicos instan a non subestimala, non esquecendo que causa anualmente un millón de hospitalizacións en menores de cinco anos. Neste sentido, e tamén por primeira vez, Galicia incorporará ao seu calendario a vacina da gripe intranasal desde os 24 ata os 59 meses. A sanidade en Galicia consolídase como referente no ámbito da prevención, contando co programa de vacinación máis completo do mundo, ao incorporar a vacina 20- valente fronte ao pneumococo e a vacina do herpes zoster no calendario de adultos; ao que hai que sumarlle un calendario completo para a prevención da meninxite incorporando non só a meninxite B senón tamén a que prevén a meninxite polos serotipos AWCY.





De igual forma, tamén se inclúen as vacinas contra o rotavirus, o virus do papiloma humano (VPH), a gripe e a citada inmunización contra o virus respiratorio sincitial en lactantes no calendario infantil. De feito, hai escasos días coñecemos tamén que a Xunta iniciou unha nova estratexia de vacinación fronte ao virus do papiloma humano, mediante a que se amplía a poboación e se inmunizará a 27 mil varóns nados entre 2006 e 2009, có obxectivo de reducir o incidente de cancros asociados a dito virus en varóns e obter unha maior protección cruzada nas nenas. As distintas incorporacións de vacinas ao calendario galego poñen de manifesto a aposta da Xunta de Galicia pola saúde, pola protección dos galegos e das galegas e tamén a importancia de seguir traballando ao unísono, xunto aos axentes sociais, aos profesionais no ámbito sanitario, para manter os resultados acadados, continuar avanzando e incorporando novas vacinas.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Como afronta a Xunta de Galicia as novas campañas de vacinación fronte ao virus respiratorio sincitial (VRS), o virus do papiloma e a vacina intranasal contra a gripe?

Santiago de Compostela, 29 de decembro 2025



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 29/12/2025 11:07:51

Noelia Pérez López na data 29/12/2025 11:08:01

Ethel Vázquez Mourelle na data 29/12/2025 11:08:10

Raquel Arias Rodríguez na data 29/12/2025 11:08:22

Víctor Baladrón Lamas na data 29/12/2025 11:08:34

Dolores Hermelo Piñeiro na data 29/12/2025 11:08:45

Argimiro Marnotes Fernández na data 29/12/2025 11:08:58

Maria Magdalena Perez Millares na data 29/12/2025 11:09:05



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/12/2025 11:10:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 11:10:26
Nº Rexistro: 43035
Data envío: 29/12/2025 11:10:26.195

CSV: BOPGDSPG-cJAOohADB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 11:17:34
Nº Rexistro: 43038
Data envío: 29/12/2025 11:17:34.687

Asinado o día 29/12/2025 ás 10:53
Por Paloma Castro Rey

Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López, Carlos López Font e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A Rolda Leste ou a LU-021 é unha autovía galega que circunvala a cidade de Lugo: o primeiro tramo, de 2,4 quilómetros, foi inaugurado no ano 2009. O proxecto do segundo tramo, que tería unha lonxitude de case 3 quilómetros, está paralizado dende a finalización do primeiro.

Ano tras ano, vimos como nos orzamentos autonómicos se reflectía unha partida dedicada a ese fin sen que se executara nin un só euro e sen que se avanzara nada na súa tramitación. Logo se pasou á ausencia de financiamento por parte da Xunta de Galicia. E neste último ano, o Goberno galego incluíu nos orzamentos 5 millóns de euros, aínda sabendo que non sería posible acometer a obra.

Iso si, cando se acercaba algunha cita electoral o PP utilizaba esta obra como un tema recorrente de cara a promesas e compromisos, e logo nada se facía a este respecto.

Nestas ultimas eleccións municipais volveu pasar e vimos como, unha vez máis, se sacou dun caixón o proxecto para darlle continuidade a outro iniciado hai vinte anos, iso si, sen contemplar ningún tipo de adaptación do mesmo ás novas disposicións medioambientais a pesar do tempo que transcorreu dende o seu inicio.

Asinado o día 29/12/2025 ás 10:53
Por Carlos López Font

Asinado o día 29/12/2025 ás 10:53
Por Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

154515

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 11:17:34
Nº Rexistro: 43038
Data envío: 29/12/2025 11:17:34.687

Esta circunstancia obrigou ao Concello de Lugo e á Deputación Provincial a presentar alegacións ao proxecto co fin de actualizalo a nova normativa por desfase da anterior.

Nas mesmas, propúñanse, entre outras cuestións, a revisión da evolución normativa realizada desde o 2003 e se alertaba dos substanciais e discordantes cambios da cartografía presentada no PXOM. Tamén se advertía do impacto da obra sobre o Plan Especial de Protección do río Miño, que non foi analizado.

Agora, unha ano despois, a propia Axencia Galega de Infraestruturas danos a razón porque acordou volver avaliar o proxecto desde o punto de vista do seu impacto ambiental, deixando sen efecto o proceso de información pública, que o PP, diante dunhas eleccións, retomou sen ter en conta estas cuestións non menores. É máis, a mesma AGI sostén que detecta na proposta de trazado e execución unha “excesiva afección ambiental” no parque periurbán do río Rato.

Dende o PSdeG entendemos que a Rolda Leste é unha infraestrutura necesaria para o desenvolvemento e crecemento da cidade de Lugo polo que debe ser finalizada, pero a súa execución non pode supoñer un prexuízo para a contorna, paisaxe ou riqueza patrimonial e medioambiental dos e das lucenses. Existen outros aspectos do proxecto que son mellorables, polo que, ao iniciar un novo procedemento de avaliación ambiental, debe terse en conta a normativa vixente, especificamente a Lei 21/2013 de 9 de decembro, de Avaliación Ambiental, e a Lei 9/2018 de 5 de decembro pola que modifica, entre outras, a referida lei 21/2013. Así mesmo, debe analizar o impacto sobre a Vía Künning - que se atopa en proceso de ser recoñecida oficialmente como vía de peregrinación-, e aproveitar para completar o anel hídrico de abastecemento de auga, cuestión que resulta fundamental tanto para o desenvolvemento desta rede nas parroquias do rural como para a súa conexión na zona sur da cidade, á altura da Avenida de Madrid.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

154516

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 11:17:34
Nº Rexistro: 43038
Data envío: 29/12/2025 11:17:34.687

Como dicíamos, a declaración de impacto ambiental presentada pola Xunta basease nun proxecto do ano 2003 e non pode ser válida para unha actuación no período actual, con condicións máis esixentes para preservar a contorna natural e unha maior concienciación cidadán ante a crise climática que nos afecta, polo que é necesario sometela a un novo procedemento de avaliación que garanta a prevención de impactos ambientais nos trazados que se propoñan.

O proxecto de actualización debese aproveitar para facer un estudo maior e asegurar a súa inocuidade sobre a paisaxe, fauna, a propia configuración do territorio e toda a riqueza medioambiental e patrimonial.

Entendemos que se abre unha oportunidade e agradecemos que o Partido Popular se sume a petición do PSdeG a revisar un proxecto aprobado hai vinte anos coas novas necesidades e alternativas escoitando ao resto de administracións e á cidadanía, oportunidade que debemos aproveitar elaborando un proxecto que axunte todas as necesidades propostas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Ten previsto a Xunta de Galicia crear unha mesa técnica entre as administracións implicadas para trasladarlle os avances do proxecto?

Santiago de Compostela, 29 de decembro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

154517

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-cJAOohADB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 29/12/2025 10:53:26

Carlos López Font na data 29/12/2025 10:53:33

Paloma Castro Rey na data 29/12/2025 10:53:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 11:17:34
Nº Rexistro: 43038
Data envío: 29/12/2025 11:17:34.687



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/12/2025 11:17:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 11:17:34
Nº Rexistro: 43038
Data envío: 29/12/2025 11:17:34.687

CSV: BOPGDSPG-cJAOohADB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 11:18:20
Nº Rexistro: 43048
Data envío: 29/12/2025 11:18:20.636

Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.**

O cambio climático está a provocar un aumento da poboación de carrachas e a proliferación destes parasitos trae consigo nun aumento de picaduras que poden transmitir enfermidades como a de Lyme, unha patoloxía con manifestacións dermatolóxicas, neurolóxicas, reumatolóxicas ou cardíacas.

En Galicia, segundo os datos da Xunta de Galicia do último estudo publicado polo Sergas no seu boletín epidemiolóxico, a incidencia tense duplicado en oitos anos. Rexistráranse 464 casos dende o 2014. Estas taxas de incidencia son moi superiores á media española. E Lugo sobre todo na Fonsagrada con 98 casos, seguida de Meira con 35, Terra Cha con 20, e os Ancares con 17, multiplica por cinco a incidencia media galega pasando esta de 1,21 casos por cada mil habitantes a 3,23. Datos suficientemente preocupantes para poñer o foco no tema e estar vixiantes desta evolución.

As enfermidades transmitidas por estas carrachas do xénero Ixodes están crescendo a nivel global e representan un grave problema de saúde pública, segundo advirte o Sergas. Estes parasitos transmiten bacterias do complexo borrelia que son as causantes da enfermidade de Lyme.

A distribución da infección por sexo e idade, segue os patróns epidemiolóxicos comúns da EL. Da mesma maneira, as diferentes manifestacións clínicas da enfermidade correspóndense coa clínica habitual das xeno especies comúns en Europa.

Asinado o día 29/12/2025 ás
10:54
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Asinado o día 29/12/2025 ás
10:54
Por Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

154520

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 11:18:20
Nº Rexistro: 43048
Data envío: 29/12/2025 11:18:20.636

Precísase coñecer mellor a distribución das carrachas do xénero *Ixodes*, a súa densidade e grao de infestación por borrelia para coñecer a dinámica da enfermidade en Galicia.

A realización de estudos de seroprevalencia en persoas e animais axudarían da mesma maneira a mellorar o coñecemento da borreliose de Lyme.

A perspectiva de “One Health” é unha prioridade para mellorar a capacidade de adaptación da poboación xeral ás carrachas e as enfermidades transmitidas polas carrachas no contexto do cambio climático.

Os comportamentos sociais deben ser considerados unha brecha crítica, salientando as estratexias de saúde pública en medidas de prevención, sobre todo nas comarcas con maiores incidencias do en Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia establecer campañas de información de xeito transversal que chegue a totalidade da poboación?
2. Conta establecer a Xunta de Galicia unha liña de axudas para levar a cabo unha campaña de desparasitación, desinsectizar e manter aos animais en bo estado de carne?

Santiago de Compostela, 29 de decembro do 2025



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 29/12/2025 10:54:13

Carmen Rodríguez Dacosta na data 29/12/2025 10:54:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 11:18:20
Nº Rexistro: 43048
Data envío: 29/12/2025 11:18:20.636

CSV: BOPGDSPG-cJAOohADB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 11:18:20
Nº Rexistro: 43048
Data envío: 29/12/2025 11:18:20.636

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/12/2025 11:18:21

CSV: BOPGDSPG-cJAOohADB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as medidas postas en marcha polo Sergas no marco do Plan Galego de Saúde invernal 2025-2026.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como cada inverno o aumento das enfermidades respiratorias puxo ao límite os servizos sanitarios en Galiza, xa de por si nunha situación de saturación permanente. De novo atrasos inaceptábeis nas citas de Atención Primaria, con listas de agarda de unha, dous e até máis dun mes para consultar ao médico de familia.

Estes atrasos nos centros de saúde para ver aos médicos de familia están tendo como consecuencia que numerosas persoas acudan aos servizos de urxencia, saturando aínda máis os PACs, hospitais e unidades especializadas en enfermidades respiratorias.

De novo ponse en evidencia a falta de planificación estrutural que ten o sistema sanitario público na UCI, ponse en evidencia a ausencia de reforzos de medios humanos e materiais, en situacións previsíbeis, que se repite cada inverno.

É máis que constatábel que estamos ante un problema estrutural que vai máis aló dos picos estacionais. Os colapsos polo aumento de procesos respiratorios soluciónanse con planificación e recursos, cuestións das que o PP nin se ocupa nin se preocupa.

A sanidade pública tensionada continuamente, especialmente os centros de saúde e servizos de urxencias. Xa non teñen profesionais para o día a día, menos para atender o aumento da demanda, e xa non digamos epidemias coma a da gripe. Equipos humanos esgotados, aos que aínda lle piden máis esforzo. A poboación con moitas dificultades

Asinado o día 29/12/2025 ás
11:18
Por Iria Carreira Pazos

Asinado o día 29/12/2025 ás
11:17
Por María Montserrat Prado Cores





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

para acceder á atención polas listas de espera. Sen citas todo decembro, xaneiro con algúns ocos, a poboación acude aos servizos de urxencias.

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

En que consistiron as medidas postas en marcha polo Sergas dentro do Plan Galego de Saúde invernal 2025-2026?

Cantos recursos foron mobilizados, desagregados por centros?

Considera o Sergas que ter convertido en norma as intersubstitucións, as prolongacións de xornada para que unha profesional faga o traballo de 3, 4 os que fagan falta, permite unha asistencia sanitaria de calidade?

Cal é a relación de centros de saúde con prazas estruturais sen cubrir?

Cal é o número de xubilacións que se van a producir nos vindeiros cinco anos e a previsión de cobertura das mesmas?

Cantos son @s galeg@s sen asignación de médic@ de familia e pediatra, desagregado por centro de saúde e concello?

Cantos son @s profesionais que están realizando un aumento de xornada laboral, especificando a modalidade: prolongación, intersubstitución...desagregado por categorías?

Cal é o número medio de horas mensual que están a realizar @s profesionais?

E o número medio de doentes que están atendendo cada día?

Cal é a porcentaxe de eventualidade do persoal do Sergas, desagregado por categorías?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cando vai elaborar un Plan de Ordenación de Recursos Humanos a partir do cal presentar un plano de redimensionamento e estabilidade dos cadros de persoal?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/12/2025 11:17:56

Iria Carreira Pazos na data 29/12/2025 11:18:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 11:18:44
Nº Rexistro: 43051
Data envío: 29/12/2025 11:18:44.276

CSV: BOPGDSPG-cJAOohADB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/12/2025 11:18:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 11:18:44
Nº Rexistro: 43051
Data envío: 29/12/2025 11:18:44.276

CSV: BOPGDSPG-cJAOohADB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 11:19:55
Nº Rexistro: 43057
Data envío: 29/12/2025 11:19:55.583

Asinado o día 29/12/2025 ás 10:54
Por Silvia Longueira Castro

Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López, Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

O 25 de agosto celebrouse no concello de Pobra de Brollón un pleno extraordinario para apoiar as demandas que desde a ANPA do colexio Outeiro do CEIP Plurilingüe da Pobra de Brollón están a reivindicar.

O que denuncian desde a ANPA é a inminente decisión da Consellería de Educación de reunir nunha aula a diferentes niveis, coa sospeita de xuntar a alumnos e alumnas de diferente ciclos de Educación Primaria.

O que solicitan é que non se agrupen os distintos niveis e se aplique o establecido na resolución do 10 de xaneiro de 2024, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade do texto do acordo entre a Consellería e as organizacións sindicais CC.OO, ANPE, e UGT-SP Ensino sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docente da Comunidade Autónoma de Galicia que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, a cal indica no anexo 2.7:

“Nas aulas que escolaricen alumnado de diferentes niveis, ciclos, e/ou etapas educativas serán de aplicación as ratios recollidas no acordo de agrupamentos do alumnado, do 10 de xullo de 2009”

Asinado o día 29/12/2025 ás 10:54
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 29/12/2025 ás 10:54
Por Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

154529

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 11:19:55
Nº Rexistro: 43057
Data envío: 29/12/2025 11:19:55.583

O dito acordo establece no apartado cuarto: *“que se poderá agrupar o alumnado de Educación de Primaria pertencente a distinto ciclo nunha mesma unidade cando o número sexa igual ou inferior a 12.*

O que expoñen desde a ANPA e que a ratio que se aplicará será de 18 alumnos e alumnas sen importar curso, ciclo, calidade da ensinanza, necesidades.

Que o número de mestres e mestras e a redución das súas horas de traballo semanal, non lles garanten a correcta educación e acompañamento dos nenos e nenas.

Que están en total desacordo e que trataran de que se cumpra a ratio do acordo do 10 de xullo de 2009.

Desde o PSdeG sumámonos ás demandas e reivindicacións que están a facer tanto a ANPA do colexio Outeiro do CEIP Plurilingüe da Pobra de Brollón como as distintas organizacións sindicais.

Que se garanten os mesmos dereitos para todos os nenos e nenas e a mesma calidade educativa, ten que ser un obxectivo prioritario. O futuro da nosa crianza, e polo tanto, o futuro da nosa sociedade depende da calidade educativa.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia informar a ANPA mediante correo ordinario ou correo electrónico a lei, orde, resolución, acordo ou calquera outro tipo de escrito onde apareza reflectida a ratio de 18 alumnos e alumnas por unidade?

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

154530

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 11:19:55
Nº Rexistro: 43057
Data envío: 29/12/2025 11:19:55.583

2. Pensa a Xunta de Galicia reconsiderar a decisión de xuntar nunha unidade diferentes cursos e ciclos, xa que o número de matrículas excede a ratio, e se lles concedan os medios humanos precisos para garantir unha educación de calidade?

Santiago de Compostela, 29 de decembro do 2025

CSV: BOPGDSPG-cJAOohADB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

154531

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 29/12/2025 10:54:35

Aitor Bouza Manso na data 29/12/2025 10:54:43

Silvia Longueira Castro na data 29/12/2025 10:54:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 11:19:55
Nº Rexistro: 43057
Data envío: 29/12/2025 11:19:55.583

CSV: BOPGDSPG-cJAOohADB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 11:19:55
Nº Rexistro: 43057
Data envío: 29/12/2025 11:19:55.583

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/12/2025 11:19:56

CSV: BOPGDSPG-cJAOohADB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 11:20:55
Nº Rexistro: 43059
Data envío: 29/12/2025 11:20:55.732

Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.**

Galicia só conta con 7 municipios que superan os 50.000 habitantes, o que corresponden coas grandes cidades, 49 concellos entre 50.000 e 10.000 habitantes 57 entre 10.000 e 5.000 e os que nos chegan aos 5.000 habitantes son 200 municipios.

Dito doutro xeito 306 municipios galegos teñen menos de 50.000 habitantes, e os que non chegan aos 10.000 habitantes son 257.

A realidade galega dificulta a conexión dixital mediante fibra óptica e iso reflíctese nos datos, se en España o 89,87 % dispoñen da dita conexión, en Galicia esa cifra só alcanza o 77,1 %, o que supón 12,77 puntos por debaixo da media estatal. Pero se o levamos ao rural galego esta cifra descende de modo preocupante chegando a baixar ata o 55,34 %, 43,53 % menos que a media española.

Dixitalizar o rural galego é unha obriga para garantir que todos os cidadáns independente de onde vivan teñan os mesmos dereitos e as mesmas oportunidades. Sabemos das dificultades engadidas que presenta o noso país pola dispersión xeográfica, a dispersión da poboación, pero isto non pode supoñer un inconveniente para dotar de internet a todo o territorio.

O esforzo que se faga neste ámbito contribúe a erradicar a fenda dixital entre zonas rurais e urbanas, contribúe a asentar poboación no rural. A fomentar a

Asinado o día 29/12/2025 ás
10:56
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Asinado o día 29/12/2025 ás
10:56
Por Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

154534

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 11:20:55
Nº Rexistro: 43059
Data envío: 29/12/2025 11:20:55.732

igualdade de oportunidades e a garantir a libre elección de vivir no lugar desexado.

Hoxe as novas tecnoloxías son imprescindibles no noso día a día, no ámbito laboral, educativo, e social. Polo que a implicación das administracións e imprescindible.

Desde o Goberno de España estase a facer un investimento de fondos que combaten esta realidade tanto a nivel de usuarios individuais como do esforzo investidor en Pymes e Autónomos e o financiamento en proxectos tecnolóxicos a través dos Pertes.

A Comunidade Autónoma tamén ten posto en marcha distintos proxectos ou estratexias coa mesma finalidade algunhas delas con fondos europeos, entre eles a Estratexia Galicia Dixital 2030, con investimentos privados e públicos.

Pero o compromiso da Xunta debe ser maior para asegurar a igualdade de dereitos e a igualdade de oportunidades e con iso potenciar a nosa economía, as relacións persoais, as relacións coas administracións, así como o asentamento da poboación no rural.

A pesares destes avances a fibra óptica non dá cobertura á totalidade do territorio nin á totalidade dos fogares galegos, aínda existen retos para levar a conectividade de alta calidade ás zonas rurais e máis despoboadas para seguir estendendo a cobertura e calidade do acceso a internet en toda a comunidade autónoma.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

154535

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 11:20:55
Nº Rexistro: 43059
Data envío: 29/12/2025 11:20:55.732

Por iso, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Ten previsto a Xunta de Galicia dotar de máis orzamento para proxectos ou estratexias que permitan a Galicia alcanzar o 89,87 % de conectividade e, cando menos, obter os niveis estatais?

Santiago de Compostela, 29 de decembro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

154536

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 29/12/2025 10:56:04

Carmen Rodríguez Dacosta na data 29/12/2025 10:56:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 11:20:55
Nº Rexistro: 43059
Data envío: 29/12/2025 11:20:55.732

CSV: BOPGDSPG-cJAOohADB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 11:20:55
Nº Rexistro: 43059
Data envío: 29/12/2025 11:20:55.732

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/12/2025 11:20:56

CSV: BOPGDSPG-cJAOohADB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 11:21:59
Nº Rexistro: 43064
Data envío: 29/12/2025 11:21:59.273

Asinado o día 29/12/2025 ás 10:57
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O Concello de Trabada xunto coa Plataforma Pública da Mariña teñen manifestado a situación preocupante que está a vivir o Concello no eido sanitario chegando a manifestarse para reclamar uns servizos sanitarios dignos, pedindo dúas prazas de medicina de familia cubertas todos os días e durante a quenda completa.

Trabada leva preto dun ano cun só médico dende a xubilación no ano 2023 dun dos facultativos que non foi substituído en ningún momento por parte do Sergas, situación esta previsible e, polo tanto, con capacidade de previsión.

Durante todo este tempo un só médico, dos dous que ten o cadro de persoal tivo que asumir a totalidade da carga de traballo do centro de saúde. Co estrés laboral que supón para quen ten que asumir esta situación.

Un concello, como moitos de Galicia, cunha poboación moi avellentada, dispersión xeográfica acusada cunha distancia entre núcleos de poboación moi extensa. unha gran porcentaxe de maiores de 65 anos, unha poboación altamente demandante de atención médica e de coidados de enfermería, con casos de atención domiciliaria.

A isto hai que sumarlle que o concello conta cunha residencia de maiores con praza para 39 usuarios tamén atendidos polos efectivos do centro de saúde, o cal supón que o único médico teña que atender tamén ás e aos usuarios do centro.

Asinado o día 29/12/2025 ás 10:57
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 29/12/2025 ás 10:57
Por Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

154539

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 11:21:59
Nº Rexistro: 43064
Data envío: 29/12/2025 11:21:59.273

Esta situación durante o mes de agosto supuxo en moitas ocasións un servizo deficitario, tendo en conta o período vacacional ao que ten dereito provocou que nalgunha ocasión a falta total de facultativos uníndose a carencia de enfermería quedase o centro de saúde sen persoal sanitario obrigando a terse que desprazarse a unha profesional de Ribadeo.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Ten previsto a Xunta de Galicia cubrir as necesidades do Centro de Saúde do Concello de Trabada?

Santiago de Compostela, 29 de decembro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

154540

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-cJAOohADB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 29/12/2025 10:57:06

Elena Espinosa Mangana na data 29/12/2025 10:57:13

Silvia Longueira Castro na data 29/12/2025 10:57:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 11:21:59
Nº Rexistro: 43064
Data envío: 29/12/2025 11:21:59.273

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 43261
Data envío: 29/12/2025 15:06:14.184

CSV: BOPGDSPG-cJAOohADB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 43261
Data envío: 29/12/2025 15:06:14.184

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/12/2025 15:06:14

CSV: BOPGDSPG-cJAOohADB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 43263
Data envío: 29/12/2025 15:06:54.173

Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Catro meses despois de iniciado un proceso de “desburocratización”, por parte da Consellería de Política Social e Igualdade, Galicia contabilizaba, ao peche do mes de marzo, un total de 2.812 persoas na lista de espera para a valoración da dependencia. A demora media é de 393 días, a cuarta máis alta de todas as comunidades. A superan Andalucía (587), Canarias (549) e Murcia (543).

Os datos foron publicados polo Ministerio de Derechos Sociales, Consumo y Agenda 2030, a través do Imsero. E neste contexto, a Consellería de Política Social e Igualdade reivindica que no 2025 activouse en Galicia un plan de choque que logrou resolver máis de 32.000 solicitudes antes de finalizar o primeiro cuadrimestre. Aínda que din que este incremento “*polo momento non se aprecia*” nas cifras do Imsero.

Con este escenario, e coa chea de propostas que de cando en vez fan desde a Xunta de Galicia, a situación non amosa ningunha perspectiva de mellora. E mesmo danse cada vez máis situacións de emerxencia que nin sequera vese capaz de solventar a Consellería nun tempo razoable.

Con estas eivas, o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, permitiuse facer unha conmemoración do seu primeiro ano de vitoria reunindo a cidadáns que foron beneficiarios dalgún dereito. E que subiron ao estrado do evento chamado “Estilo Galicia”, a dalas gracias polos dereitos recibidos.

Asinado o día 29/12/2025 ás
13:27
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 29/12/2025 ás
13:27
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

154937

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-cJAOohADB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 43263
Data envío: 29/12/2025 15:06:54.173

Dada esta situación de empeoramento nos tempos de espera e da concesión dos dereitos á Lei de dependencia en Galicia, así como o abandono a diferentes aspectos do terceiro sector, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Cal foi o custo do evento de celebración do seu aniversario como presidente da Xunta de Galicia que promoveu Alfonso Rueda, mentres aumentaban as persoas dependentes que esperan unha resolución da súa situación de espera?

Santiago de Compostela, a 29 de decembro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

154938

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 29/12/2025 13:27:09

Elena Espinosa Mangana na data 29/12/2025 13:27:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 43263
Data envío: 29/12/2025 15:06:54.173

CSV: BOPGDSPG-cJAOohADB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 43263
Data envío: 29/12/2025 15:06:54.173

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/12/2025 15:06:54

CSV: BOPGDSPG-cJAOohADB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 43265
Data envío: 29/12/2025 15:07:30.906

Asinado o día 29/12/25
13:27
Por Carmen Rodríguez

Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro, María Elena Espinosa Mangana, Carmen Rodríguez Dacosta e Aitor Bouza Manso, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

As cidades galegas atopáronse na época do desenvolvemento dos anos oitenta do século pasado cun crecemento exponencial que tiveron diferentes consecuencias. Unha delas foi o crecemento de diferentes asentamentos chabolistas nas súas estribacións.

A diferenza doutros asentamentos que xurdiran nestas condicións no desenvolvemento dos anos sesenta, estes tiñan como característica que foron establecidos na súa maior parte por veciños e veciñas de etnia xitana. E moitos deles, debido a debilidade da súa situación económica e a súa marxinação social pola estigmatización que supoñía a súa procedencia, foron o núcleo onde se comerciou coa entrada de sustancias estupefacientes. Precisamente porque nada tiñan que perder con respecto ao resto da veciñanza.

Poboados como Penamoa, Vao, Carqueixo... creceron ao amparo dunha sociedade que sempre precisou ter “un patio de atrás” no que se escondía aquilo que as cidades non querían mostrar en primeiro plano.

A día de hoxe, aínda persisten asentamentos nos que fan falla recursos para abrir ás portas á poboación xitana para que poidan optar a unha integración plena no seu entorno. E o primeiro paso é o de erradicar na súa totalidade as infravivendas a través dun plan galego para a inserción dos seus habitantes.

Asinado o día 29/12/2025 ás
13:27
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 29/12/2025 ás
13:27
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

154941

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 43265
Data envío: 29/12/2025 15:07:30.906

Por tal motivo, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Vai por en marcha o goberno da Xunta de Galicia un plan de erradicación de infravivenda para as cidades galegas?

Santiago de Compostela, a 29 de decembro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

154942

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-cJAOohADB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 29/12/2025 13:27:30

Elena Espinosa Mangana na data 29/12/2025 13:27:39

Carmen Rodríguez Dacosta na data 29/12/2025 13:27:46

Aitor Bouza Manso na data 29/12/2025 13:27:57



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 43265
Data envío: 29/12/2025 15:07:30.906

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/12/2025 15:07:31

CSV: BOPGDSPG-cJAOohADB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 43272
Data envío: 29/12/2025 15:26:08,473

Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 5ª**.

A ansiedade e a depresión son os dous diagnósticos que máis se repiten nas consultas dos profesionais de saúde mental en Galicia.

Todos os especialistas poñen sobre a mesa que os trastornos mentais convertéronse na gran epidemia do século XXI e son as novas xeracións as máis vulnerables.

O Sergas realizou unha enquisa a finais do ano 2023 cunha mostra de case 8.000 persoas e os resultados son preocupantes. O 27 % dos galegos e galegas están en risco de ter unha mala saúde mental. Pero se analizamos os resultados por tramos de idade, resulta que a maior incidencia rexístrase entre os máis novos: o 35% dos menores de 25 anos, poderían sufrir unha enfermidade como a ansiedade ou depresión.

Ademais da mocidade outro factor de risco é a muller. O 33 % das galegas manifestan síntomas que poderían derivar nun trastorno psicolóxico, fronte ao 21 % dos homes.

E dous de cada tres galegos declararon que teñen ou tiveron algunha vez depresión.

Con estes datos de referencia, podemos afirmar que a saúde mental continúa a ser un dos graves problemas que presenta o sistema público de saúde, pola súa deficiente dotación de recursos para afrontar as patoloxías que, cada vez máis, están presentes e máis identificadas entre a sociedade.

Asinado o día 29/12/2025 ás
15:08
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 29/12/2025 ás
15:08
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

154945

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 43272
Data envío: 29/12/2025 15:26:08,473

Pero a atención que a saúde mental recibe no conxunto do sistema público de España é desigual en función das comunidades autónomas, que son as que detectan as competencias, e dos sistemas autonómicos que son responsables da xestión. Estas desigualdades percíbense de maneira clara na dotación de recursos humanos en saúde mental, así como a estrutura asistencial que intenta dar resposta ás necesidades.

Galicia atópase na cola das comunidades autónomas de España no que fai referencia ás ratios de profesionais por habitante nas categorías de psiquiatría, psicoloxía clínica ou enfermería especialista en saúde mental.

Pero a realidade das necesidades é moi dura, pois Galicia tamén se sitúa entre as comunidades autónomas de España con maior taxa de consumo de psicofármacos: 152 doses por 1.000 habitantes que representa o 49 % máis ca media do conxunto de España. Pero Galicia tamén está entre as que rexistran o maior volume de suicidios anuais.

E o problema de recursos humanos, que citamos antes, afecta á accesibilidade de maneira grave e tradúcese en longas listas de espera.

As últimas listas de espera difundidas pola Consellería de Sanidade mostran como, no caso dos psiquiatras, batéronse todos os records dos últimos anos, con 10.431 pacientes pendentes dunha cita médica co especialista en psiquiatría. Case 1.600 persoas máis que un ano atrás, e teñen que agardar 23 días máis de media que entón.

Áreas sanitarias como Ferrol han de esperar 63,5 días para ser atendidos, Lugo-A Mariña-Monforte 74,2, Ourense-Verín-O Barco 67,2 ou Vigo 113,3 por citar algunhas áreas concretas.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

154946

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 43272
Data envío: 29/12/2025 15:26:08.473

Se fixésemos unha valoración do Plan de saúde mental de Galicia post-covid-19, seguramente atopásemos a resposta ao que está a suceder. Un exemplo claro é a non cobertura de prazas previstas que o recente informe sobre adxudicación de postos de difícil cobertura nos hospitais comarcais e no ámbito da saúde mental.

Pero os datos expostos antes, deixan en evidencia a necesidade de afrontar decididamente políticas orientadas a mellorar a saúde mental en Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Está disposta a Xunta de Galicia a incrementar os recursos humanos na área de saúde mental de Galicia ata alcanzar a finais do 2026, a media de profesionais de España en cada categoría profesional implicada?
2. Está disposta a Xunta de Galicia a convocar todas as prazas de formación especializada relacionadas coa saúde mental, ata conseguir a equiparación coa media de profesionais de España?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

28071 Madrid

154947

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 29/12/2025 15:08:29

Silvia Longueira Castro na data 29/12/2025 15:08:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 43272
Data envío: 29/12/2025 15:26:08,473

CSV: BOPGDSPG-cJAOohADB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/12/2025 15:26:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 43272
Data envío: 29/12/2025 15:26:08,473

CSV: BOPGDSPG-cJAOohADB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 43280
Data envío: 29/12/2025 16:13:49.156

Asinado o día 29/12/25
16:11
Por Raquel Arias Rod

INÁ Mesa do Parlamento

María Encarnación Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

No ano 2021 a Fundación Amancio Ortega comprometeu a doazón de 280 millóns de euros á sanidade pública para a adquisición de dez aceleradores de protóns destinados a técnicas de protonterapia. De todos eses dez, todo apunta que do Centro de Protonterapia de Galicia será o primeiro en entrar en funcionamento.

A posta en marcha do Centro de Protonterapia de Galicia constitúe unha das actuacións tecnolóxicas máis relevantes da última década no sistema sanitario galego. Trátase dunha infraestrutura estratéxica chamada a situar a comunidade na vangarda do tratamento do cancro a través da oncoloxía radioterápica, ao incorporar unha técnica de irradiación de alta precisión que só está dispoñible nuns poucos centros no ámbito europeo.

A protonterapia permite tratar tumores complexos, especialmente pediátricos ou situados en áreas anatómicas de elevada sensibilidade, reducindo os efectos secundarios e mellorando os resultados en saúde.

Por tratarse dun equipamento desta complexidade, a entrada en funcionamento require diversas fases técnicas e organizativas.

Á vista da importancia deste proxecto e da magnitude do investimento público que supón, resulta necesario que o Parlamento coñeza con detalle a planificación prevista, os fitos xa cumpridos e os prazos estimados para a súa posta en marcha efectiva.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan as seguintes preguntas:

1. Cales son as previsións da posta en marcha do Centro de Protonterapia de Galicia?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2025

Asinado o día 29/12/2025 ás
16:09
Por Noelia Pérez López

Asinado o día 29/12/2025 ás 16:09
Por María Encarnación Amigo
Díaz

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 29/12/2025 16:09:44

Noelia Pérez López na data 29/12/2025 16:09:52

Raquel Arias Rodríguez na data 29/12/2025 16:11:01

Víctor Baladrón Lamas na data 29/12/2025 16:11:12

Nicole Grueira Fernández na data 29/12/2025 16:11:22

Dolores Hermelo Piñeiro na data 29/12/2025 16:11:30

Argimiro Marnotes Fernández na data 29/12/2025 16:11:42

Maria Magdalena Perez Millares na data 29/12/2025 16:11:50



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 43280
Data envío: 29/12/2025 16:13:49.156

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/12/2025 16:13:49

CSV: BOPGDSPG-cJAOohADB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

María Encarnación Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

Hoxe en día, as terapias avanzadas convértense nunha peza fundamental dos sistemas sanitarios, transformando a forma en que abordamos enfermidades complexas ou ata agora sen solucións eficaces.

Estes tratamentos innovadores, que se basean no uso de xenos, células ou tecidos, permiten non só previr ou controlar afeccións, senón tamén ofrecer opcións de curación que antes eran impensables.

Grazas aos avances na investigación biomédica e nas tecnoloxías de edición xenética, estas terapias teñen o potencial de modificar significativamente o curso de enfermidades graves, promovendo a súa utilización cun enfoque máis personalizado da medicina, adaptando os tratamentos ás características específicas de cada paciente.

Unha destas terapias avanzadas é o CAR-T, un tipo de medicamento de terapia avanzada que poden utilizarse tanto en pacientes infantís como en adultos.

Recentemente tivemos coñecemento de que o Consello da Xunta autorizou un acordo marco para a compra destes medicamentos para o tratamento do mieloma múltiple, Abecma e Carvykti.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que beneficios trae a incorporación destes novos medicamentos CAR-T?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2025

Asinado o día 29/12/2025 ás
16:23
Por Noelia Pérez López

Asinado o día 29/12/2025 ás 16:23
Por María Encarnación Amigo
Díaz



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 29/12/2025 16:23:36

Noelia Pérez López na data 29/12/2025 16:23:46

Raquel Arias Rodríguez na data 29/12/2025 16:24:25

Víctor Baladrón Lamas na data 29/12/2025 16:24:57

Nicole Grueira Fernández na data 29/12/2025 16:25:08

Dolores Hermelo Piñeiro na data 29/12/2025 16:25:41

Argimiro Marnotes Fernández na data 29/12/2025 16:25:54

Maria Magdalena Perez Millares na data 29/12/2025 16:26:01



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 43284
Data envío: 29/12/2025 16:31:21.050

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/12/2025 16:31:21

CSV: BOPGDSPG-cJAOohADB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 43287
Data envío: 29/12/2025 16:44:18.890

Asinado o día 29/12/25
16:42
Por Raquel Arias Rod

WÁ Mesa do Parlamento

María Encarnación Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

A saúde mental é o benestar emocional, psicolóxico e social dunha persoa, afecta dende como manexamos o estrés ata como nos relacionamos cos demais e tomamos decisións.

A pandemia puxo de manifesto a importancia de coidar a saúde mental e outorgar estratexias a toda a poboación, en especial á xente máis moza, para afrontar de maneira máis efectiva os retos que xorden cada día.

Sendo conscientes deste problema, a Xunta de Galicia foi pioneira coa posta en marcha do Plan de Saúde Mental Galicia posCovid-19 2020-2024, que permitiu fixar unha folla de ruta en canto á saúde mental e aumentar a contratación de psiquiatras, enfermeiros especialistas de saúde mental e psicólogos clínicos no Sergas

O Goberno galego leva anos apostando por novas medidas en materia de saúde mental especialmente dende 2020. Medidas que engloban accións en todos os eidos do sistema sanitarios, dende atención primaria ata hospitalaria, pasando polos máis cativos ata chegar ós adulto.

A rehabilitación psicosocial é outro ámbito no que a Xunta tamén leva anos actuando, co obxectivo de reforzar a autonomía e a capacidade funcional das persoas con trastorno mental grave, facilitando a súa inclusión na vida comunitaria. Para logralo, lévase a cabo un conxunto de accións e apoios dirixidos tanto ás persoas afectadas como ás súas familias, prestados a través dos centros especializados

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que medidas está levando a cabo a Xunta de Galicia para mellorar a rehabilitación psicosocial das persoas que sufriron trastornos mentais graves?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2025

Asinado o día 29/12/2025 ás 16:42
Por María Encarnación Amigo Díaz

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 29/12/2025 16:42:12

Noelia Pérez López na data 29/12/2025 16:42:20

Raquel Arias Rodríguez na data 29/12/2025 16:42:44

Víctor Baladrón Lamas na data 29/12/2025 16:42:55

Nicole Grueira Fernández na data 29/12/2025 16:43:07

Dolores Hermelo Piñeiro na data 29/12/2025 16:43:14

Argimiro Marnotes Fernández na data 29/12/2025 16:43:22

Maria Magdalena Perez Millares na data 29/12/2025 16:43:29



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 43287
Data envío: 29/12/2025 16:44:18.890

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/12/2025 16:44:19

CSV: BOPGDSPG-cJAOohADB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

María Encarnación Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

O cancro colorrectal é o tumor maligno máis frecuente no conxunto da poboación da Unión Europea e a segunda causa de morte por cancro tanto en homes como mulleres. É un grave problema de saúde polo feito de ser o cancro máis frecuente se temos en conta ambos os sexos (é o segundo nas mulleres despois do cancro de mama e o terceiro nos homes tras os de pulmón e próstata).

A isto únese que é un tipo de cancro que produce síntomas cando a enfermidade está avanzada. A supervivencia aos 5 anos do diagnóstico é do 75%-90% se está en estadio I-II e de só o 15% se o estadio é IV. Polo tanto, adiantar o diagnóstico diminúe a mortalidade por esta enfermidade.

Afortunadamente, desde hai uns anos, en Galicia estase a desenvolver o Programa Galego de Detección Precoz do Cancro Colorrectal, cun obxectivo claro de reducir a incidencia deste tumor, diminuindo a mortalidade ou aumentando a supervivencia en base a un diagnóstico precoz.

Dende 2013 Galicia conta cun programa de detección precoz de cancro colorrectal que comezou de maneira piloto na área sanitaria de Ferrol e que na actualidade está implantado en toda Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que balance fai a Consellería de Sanidade sobre programa de cribado para a detección precoz do cancro colorrectal?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2025

Asinado o día 29/12/2025 ás
17:47
Por Noelia Pérez López

Asinado o día 29/12/2025 ás 17:46
Por María Encarnación Amigo
Díaz



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 29/12/2025 17:46:29

Noelia Pérez López na data 29/12/2025 17:47:20

Raquel Arias Rodríguez na data 29/12/2025 17:47:35

Víctor Baladrón Lamas na data 29/12/2025 17:48:03

Nicole Grueira Fernández na data 29/12/2025 17:49:43

Dolores Hermelo Piñeiro na data 29/12/2025 17:49:50

Argimiro Marnotes Fernández na data 29/12/2025 17:49:58

Maria Magdalena Perez Millares na data 29/12/2025 17:50:09



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/12/2025 17:52:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 43307
Data envío: 29/12/2025 17:52:20.009

CSV: BOPGDSPG-cJAOohADB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 43317
Data envío: 29/12/2025 18:03:11.888

Asinado o día 29/12/25
18:00
Por Noelia Pérez Lóp

Á Mesa do Parlamento

María Encarnación Amigo Díaz, Julio García Comesaña, Noelia Pérez López, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

A intelixencia artificial (IA) converteuse nunha tecnoloxía revolucionaria cuns dos futuros máis prometedores dos vindeiros anos. O seu uso pode proporcionar vantaxes competitivas esenciais, facilitando a obtención de resultados positivos desde o punto de vista social e ambiental.

A súa capacidade para analizar grandes volumes de datos, aprender deles e axudar a tomar decisións está a revolucionar múltiples sectores, entre eles, o ámbito sanitario. De feito, a aplicación da IA na sanidade representa un dos avances máis significativos para mellorar a calidade de vida e optimizar e xestionar os recursos. Así pois, as achegas da intelixencia artificial na sanidade abarcan dende a capacidade diagnóstica con algoritmos avanzados poden analizar imaxes médicas, a xestión hospitalaria dos recursos ou a investigación médica.

En Galicia non somos alleos á potencialidade da intelixencia artificial para mellorar a nosa vida, a nosa forma de traballar, nosa forma coidar e curar. Xa quedou de manifesto coa aprobación da Lei 2/2025, do 2 de abril, para o desenvolvemento e o impulso da intelixencia artificial en Galicia, que situou á nosa comunidade como a primeira en aprobar unha normativa que regulase o uso de sistemas de IA por parte da Administración autonómica e do sector público galego.

Recentemente tivemos coñecemento que a Xunta de Galicia ía levar a cabo diferentes accións no eido sanitario co despregamento de IA

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que melloras vai introducir a Xunta de Galicia no eido sanitario co emprego da intelixencia artificial?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2025

Asinado o día 29/12/2025 ás
17:59
Por Julio García Comesaña

Asinado o día 29/12/2025 ás 17:59
Por María Encarnación Amigo
Díaz

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 29/12/2025 17:59:44

Julio García Comesaña na data 29/12/2025 17:59:59

Noelia Pérez López na data 29/12/2025 18:00:06

Raquel Arias Rodríguez na data 29/12/2025 18:00:33

Víctor Baladrón Lamas na data 29/12/2025 18:00:46

Nicole Grueira Fernández na data 29/12/2025 18:00:59

Dolores Hermelo Piñeiro na data 29/12/2025 18:01:25

Argimiro Marnotes Fernández na data 29/12/2025 18:01:42

Maria Magdalena Perez Millares na data 29/12/2025 18:01:58



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 43317
Data envío: 29/12/2025 18:03:11.888

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/12/2025 18:03:12

CSV: BOPGDSPG-cJAOohADB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

María Encarnación Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

Un traumatismo grave, é unha lesión de gravidade provocada por unha forza externa que pode pór en perigo a vida ou provocar secuelas graves á persoa, comprometendo o seu pronóstico vital ou funcional.

En España, segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística para 2023, as causas externas de mortalidade representan a primeira causa de mortalidade nos menores de 45 anos; son as caídas accidentais a causa máis habitual.

O pronóstico dos traumatismos graves depende de varios factores, como son a severidade e a enerxía do trauma, as características propias do paciente e a calidade e precocidade dos coidados recibidos.

Así, co obxecto de mellorar a atención urxente aos pacientes politraumatizados a Consellería de Sanidade presentou o protocolo asistencial, o Código Trauma Grave.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que melloras incorpora este novo protocolo para a atención dos pacientes cun traumatismo grave?

Santiago de Compostela, 29 de decembro 2025

Asinado o día 29/12/2025 ás 18:12
Por Noelia Pérez López

Asinado o día 29/12/2025 ás 18:12
Por María Encarnación Amigo Díaz



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 29/12/2025 18:12:19

Noelia Pérez López na data 29/12/2025 18:12:27

Raquel Arias Rodríguez na data 29/12/2025 18:12:59

Víctor Baladrón Lamas na data 29/12/2025 18:13:08

Nicole Grueira Fernández na data 29/12/2025 18:13:20

Dolores Hermelo Piñeiro na data 29/12/2025 18:13:27

Argimiro Marnotes Fernández na data 29/12/2025 18:13:35

Maria Magdalena Perez Millares na data 29/12/2025 18:13:52



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/12/2025 18:15:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 43320
Data envío: 29/12/2025 18:15:03,920

CSV: BOPGDSPG-cJAOohADB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 43322
Data envío: 29/12/2025 18:27:59.324

Asinado o día 29/12/25
18:26
Por Raquel Arias Rod

Á Mesa do Parlamento

María Encarnación Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

A carencia de determinado persoal médico especialista que sofre todo o Sistema Nacional de Saúde está poñendo o foco máis ca nunca na necesidade de dar cobertura a determinadas prazas, unha realidade que non é particular de Galicia, senón un problema endémico en toda España.

Está claro que hai unha raíz común a este problema de déficit de médicos de que sofre toda España e por iso tamén debe haber unha proposta común para que se adopten solucións a nivel estatal. A esta situación engádeselle outro problema, que é a falta de vontade do Goberno central, o cal leva máis de 6 anos de inacción fronte un problema urxente da sanidade pública.

En todas a comunidades autónomas somos conscientes desta situación, por iso cada autonomía dentro das súas competencias foi tomando medidas para intentar paliar a situación.

No caso de Galicia, unha das medidas máis destacadas e de maior calado que se tomou foi a aprobación neste Parlamento, co único apoio do Partido Popular, da Lei 2/2022, do 6 de outubro, de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en ciencias da saúde do Servizo Galego de Saúde. Unha norma que habilita ao SERGAS a cubrir determinadas prazas por concurso de méritos, así como a outorgar unha maior puntuación para os profesionais que presten os seus servizos en determinados centros hospitalarios.

Tamén recentemente, na Lei de medidas introduciuse unha modificación dun artigo da Lei 2/2022 co fin de impulsar a provisión de postos de difícil cobertura para que os servizos prestados nos hospitais do distrito sanitario de Barbanza e no hospital do Salnés computen o triplo, englobando así a todos os hospitais comarcais.

Asinado o día 29/12/2025 ás
18:25
Por Noelia Pérez López

Asinado o día 29/12/2025 ás 18:25
Por María Encarnación Amigo
Díaz

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





Estas medidas, demostran a aposta do Goberno galego polos hospitais comarcais da nosa comunidade, buscando reforzar estes centros que achegan atención sanitaria a todos os cidadáns do noso rural.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia das medidas postas en marcha para incentivar a cobertura de prazas nos hospitais comarcais?

Santiago de Compostela, 29 de decembro 2025



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 29/12/2025 18:25:40

Noelia Pérez López na data 29/12/2025 18:25:48

Raquel Arias Rodríguez na data 29/12/2025 18:26:05

Víctor Baladrón Lamas na data 29/12/2025 18:26:15

Nicole Grueira Fernández na data 29/12/2025 18:26:40

Dolores Hermelo Piñeiro na data 29/12/2025 18:26:48

Argimiro Marnotes Fernández na data 29/12/2025 18:26:58

Maria Magdalena Perez Millares na data 29/12/2025 18:27:04



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/12/2025 18:28:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 43322
Data envío: 29/12/2025 18:27:59.324

CSV: BOPGDSPG-cJAOohADB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 43324
Data envío: 29/12/2025 18:40:01.330

Asinado o día 29/12/25
18:37
Por Raquel Arias Rod

Á Mesa do Parlamento

María Encarnación Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

A Seguridade Social é un sistema público de protección que ten como obxectivo garantir o acceso dos cidadáns a servizos e prestacións económicas en situacións de necesidade ou vulnerabilidade, protexendo aos individuos fronte a riscos sociais como a enfermidade, o desemprego, a invalidez ou a maternidade, entre outros.

Dentro destas prestacións, unha das máis importantes son as incapacidades temporais, non só pola súa importancia económica, senón tamén pola súa magnitude na xestión e mantemento do Estado do Benestar.

As incapacidades temporais teñen un orixe multifactorial debido ás diferentes tipoloxías de traballo e casuísticas particulares de cada emprego, o que fai que cada proceso teña unhas consideracións propias a ter en conta. Isto constitúe á vez un fenómeno con importantes repercusións sanitarias e económicas, que afectan tanto á produtividade das entidades contratantes, como ao conxunto do país.

A evolución das incapacidades temporais nestes anos supuxo un cambio de paradigma no seguimento e control desta prestación debido á pandemia da COVID-19, tendo o conseguinte impacto na xestión desta prestación.

Recentemente coñecemos un informe da Xunta de Galicia cos primeiros resultados do programa de medidas que puxo en marcha para mellorar a xestión e o control dos procesos de incapacidade temporal, co obxectivo de optimizar todo o proceso de seguimento das baixas, buscando beneficiar tanto aos pacientes, como ao persoal sanitario.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia das medidas postas en marcha para o seguimento e control das incapacidades temporais?

Santiago de Compostela, 29 de decembro 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

Asinado o día 29/12/2025 ás
18:37
Por Noelia Pérez López

Asinado o día 29/12/2025 ás 18:37
Por María Encarnación Amigo
Díaz



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 29/12/2025 18:37:27

Noelia Pérez López na data 29/12/2025 18:37:39

Raquel Arias Rodríguez na data 29/12/2025 18:37:48

Víctor Baladrón Lamas na data 29/12/2025 18:38:02

Nicole Grueira Fernández na data 29/12/2025 18:38:11

Dolores Hermelo Piñeiro na data 29/12/2025 18:38:18

Argimiro Marnotes Fernández na data 29/12/2025 18:38:31

Maria Magdalena Perez Millares na data 29/12/2025 18:38:37



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 43324
Data envío: 29/12/2025 18:40:01.330

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/12/2025 18:40:03

CSV: BOPGDSPG-cJAOohADB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

